



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE 2022, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES/AS ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. DAVID BROCOS VIEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día trinta de novembro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (19/10/2022)**

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 19/10/2022 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do imposto sobre bens inmobles (IBI). (Expdte. núm. 2022/G016/00003)**

Á vista do acordado polos tres grupos políticos á instancia da moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para establecer bonificacións no IBI para incentivar o autoconsumo solar fotovoltaico no concello.

Proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.**- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), engadindo no artigo 14 relativo ás bonificacións, un novo apartado:

14.9.- Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os inmobles de uso residencial, que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol para autoconsumo, durante os tres anos seguintes á data de instalación sempre que se acredite a concesión de licenza municipal ou a tramitación da declaración responsable ou comunicación previa, e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:



- a) Que os sistemas de aproveitamento térmico instalados cumpran os requisitos mínimos esixidos en canto ás dimensións e rendemento da instalación establecidos no documento básico de aforro de enerxía previsto no código técnico da edificación.
- b) Que as instalacións para produción de calor dispoñan de colectores homologados pola administración competente.
- c) Que o/a titular do inmovible estea empadroad/a no Concello de Vedra.

Os solicitantes da bonificación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos mediante a presentación da seguinte documentación:

- a) Proxecto ou memoria técnica.
- b) Certificado de montaxe, no seu caso, e certificado de instalación dilixenciados polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma.
- c) Especificacións técnicas dos sistemas autorizados.
- d) Acreditación da concesión de licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía.
- e) Certificado final de obras, no seu caso.
- f) Certificado de empadramento

Esta bonificación debe ser solicitada polo suxeito pasivo e, con carácter xeral, o efecto da súa concesión comezará a partir do exercicio seguinte ao da solicitude. Cando a bonificación se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de pagamento do imposto concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de modificación mediante anuncio no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do mesmo no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas.

Así mesmo estará á súa disposición na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

TERCEIRO.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo e remitir á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de 15 días dende a aprobación, copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra da ordenanza.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, recórdalle ao grupo de goberno que se chegara ao acordo de facer chegar esta información aos veciños mediante a súa publicación no boletín municipal e nas canles de comunicación do concello.

A Presidencia di que xa vai saír publicado no boletín de decembro e nos seguintes a información cun número de teléfono concreto para dar a información necesaria e precisa aos interesados.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

### **3º.- Aprobación, se procede, do orzamento municipal para o exercicio 2023. (Expdte. núm. 2022/T004/00001)**

Examinado o expediente 2022/T004/000001 que contén o proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vedra para o exercicio económico de 2023, que presenta o Sr. Alcalde, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 18 do Real decreto 500/1990 e



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



do art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, proponse:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Orzamento do Concello de Vedra para o exercicio 2023 por importe de 5.364.976,41 euros, así como toda a documentación e anexos que compoñen o expediente, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

### Estado de gastos

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>1.OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>	
	<b>1.1. OPERACIÓN CORRENTES</b>	
CAPÍTULO I	Gastos de persoal	1.620.944,00 €
CAPÍTULO II	Gastos correntes	2.787.386,83 €
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	16.200,00 €
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	155.630,00 €
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>4.580.160,83 €</b>
	<b>1.2. OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
CAPÍTULO VI	Investimentos reais	728.815,58 €
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>728.815,58 €</b>
	<b>TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (2.1+2.2)</b>	<b>5.308.976,41 €</b>
	<b>2.OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	15.000,00 €
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	41.000,00 €
	<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>56.000,00 €</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>5.364.976,41 €</b>

### Estado de ingreso

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>1.OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>	
	<b>1.1. OPERACIÓN CORRENTES</b>	
CAPÍTULO I	Impostos directos	1.341.000,00 €
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	60.000,00 €
CAPÍTULO III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	647.240,00 €
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	2.775.510,33 €
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>4.823.750,33 €</b>
	<b>1.2. OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	526.226,08 €
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>526.226,08 €</b>
	<b>TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (1.1+1.2)</b>	<b>5.349.976,41 €</b>
	<b>2.OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	15.000,00 €
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00 €
	<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>15.000,00 €</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>5.364.976,41 €</b>

**Segundo.-** Aprobar o cadro de persoal do Concello de Vedra para o 2023.

**Terceiro.-** Expor o orzamento do concello e o cadro de persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, de conformidade co disposto no



artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

**Cuarto.-** O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contando a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitivo.

**Quinto.-** En cumprimento do previsto no artigo 21.6 do Real decreto 500/1990, o orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2023 terá o seus efectos dende o 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

A Presidencia di que é un orzamento enmarcado nun contexto de crise económica, caracterizada pola inflación que había moitos anos que non existía; ese forte incremento do gasto corrente e tamén coa intención de, xa que se arrastra un remanente de tesourería negativo, ir recuperando nos vindeiros anos ese remanente e intentar manter todas as prestacións de todos os servizos.

É un orzamento que está arredor dos cinco millóns e medio de euros (5.364.000 €). O capítulo de ingresos é unha previsión realista conforme aos datos da execución do orzamento de 2022 e as previsións que lles proxectan as outras administracións.

Neste contexto de crise a presión fiscal está conxelada e hai que ter en conta que Vedra é dos concellos de toda a comarca que a ten máis baixa.

Nos ingresos e gastos faltaría o correlativo a algúns capítulos, como no fomento do emprego, aqueles programas tanto da Deputación como da Xunta, que a medida que se conceden incorpóranse ao orzamento tanto en ingresos como en gastos (Aprol Rural, PEL, etc.)

No estado de ingresos fíxose atendendo a eses criterios de prudencia e racionalidade en base á liquidación dos exercicios do 2021 e 2022.

Nos gastos non deixa de ser un orzamento que hai que aprobar de cara a un ano que vai ser dunha profunda crise económica.

Por un lado incrementa o que son os custes de persoal atendendo ás subidas establecidas polo goberno.

Hai un incremento importante no que se refire ao capítulo de gastos correntes de bens e servizos, dun 7% , motivado por esa inflación e subida dos custes enerxéticos. Tamén inflúe o detalle de vir de dous anos de pandemia, onde certos capítulos como cultura e turismo se viron reducidos no seu momento. Agora recupérase a actividade de antes da pandemia e medra ese capítulo respecto aos dous últimos anos.

Con este contexto de crise, hai que facer un esforzo en canto ás políticas sociais. O capítulo de servizos sociais é fundamental, o máis importante de todo o concello. Vén sendo o 28% de todo o orzamento. Os servizos de SAF e gardería municipal consumen máis de un millón de euros. En tempos de crise o esforzo hai que adoptalo nas políticas de servizos sociais.

Vedra tamén é un concello particular no aspecto de seguir apostando pola cultura e o deporte e o apoio a todo o asociacionismo, o que o converte no concello da comarca que máis cartos por habitante achega a todo isto.



Na crise económica do 2011 – 2013 pediúselles un esforzo a esa xente que nese momento contribuíu reducindo a achega que lle facía o concello. Neste caso na actualidade o concello quere facer un esforzo e manter as axudas que se lle conceden a todas as entidades.

É obvio que nalgún sitio ten que repercutir no orzamento esta crise, e é no capítulo onde podían recortar que é o de inversións. Se se intentan manter os servizos e estas axudas nun contexto de crise onde se incrementan os gastos ordinarios, tense que producir unha diminución nas inversións que pretende reverter ao longo do ano.

No ano 2022 o capítulo de inversións inicial foi de 923.000 €, o que viña sendo un 17% do orzamento. Para o ano 2023 é un 14% do orzamento, uns 728.000 €. Nun avance do que se presupostou provisionalmente para inversións o ano pasado ao que se executou finalmente, que foron 1.461.000 €, houbo un incremento de sete puntos, é dicir a execución foi dun 24%. Isto é o traballo de conseguir subvencións externas para acometer inversións. Confía en estar a final de ano por encima do 20% no capítulo de inversións.

O que destaca en inversións é a reforma do centro de saúde, algo prioritario. Cre que as contías van ser máis elevadas cás establecidas nese capítulo.

A reparación da piscina figura en mantemento, non en inversións.

Nos primeiros meses é posible que se incorpore algunha ao capítulo de investimentos. Cando estean confirmadas introducíranse no orzamento, como é o compromiso, que dadas as circunstancias non se puido acometer este ano, coa Deputación para continuar a senda peonil en San Fins, duns 100.000 €.

Ao equipo de goberno gústalle facer orzamentos prudentes e realistas tanto nos ingresos como nos gastos. Cre que neste caso son suficientemente realistas e gustaríalle que fosen uns orzamentos dun momento de expansión, pero son dun momento de crise, onde o capítulo de gastos de bens e servizo supón o 52% do orzamento.

Solicita o apoio do resto da corporación para a súa aprobación.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que un ano máis o voto do seu grupo vai ser en contra. Resalta que a Presidencia dixo que se ía un 53% na xestión, no gasto corrente. Evidentemente o concello é un organismo que para funcionar necesita un gasto.

Cre que se queda corto, e non só neste concello, senón en moitas institucións, co recorte e a non reposición de postos de traballo nos últimos dez anos que está abocando a un funcionamento ás veces deficiente das institucións. Nos próximos 15 anos vaise xubilar un terzo dos funcionarios ou persoal laboral, co gasto que iso supón.

Un ano máis tampouco conta co grupo socialista para nada. Para o seu grupo hai partidas que lles parecen que están infladas, en ingresos, como as taxas ICIO, recadación IBI rústico e urbano. En gastos diverso meten subidas en todas as áreas sobre os que a oposición perde o control e non se lles escapa que é un ano electoral e o aumento é considerable.

As previsións de ingresos parécenlle infladas e é probable que empeñe o concello máis do que xa está.

Bota en falta unha partida para o espazo público de San Xián e non se reserva nada para ese proxecto en concreto, así como para a mini residencia, o centro de día e o polígono.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Respecto ao presupostado para o centro de saúde, recórdalle que hai un ano cando discutían os orzamentos do 2022, poñía enriba da mesa aquel acordo que tiña coa Xunta no que se lle cedía o centro de saúde e se ía facer cargo do seu arranxo e dos gastos. Despois diso chegou con outro acordo no que o concello poñía o 50 % e a Xunta o outro 50 %. A través do grupo parlamentario socialista trasládanlle que non hai nada previsto para Vedra, o cal non quere dicir que non se faga, pero xa non sabe que crer.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que van votar en contra porque faltan actuacións como a de San Xián, hai gastos diversos que non se sabe ben de onde saen e ampliacións de ingresos que tampouco se explican.

De débeda viva este concello ten máis de dous millóns de euros. O ano pasado, dos da comarca era o máis endebedado, uns 240 € per cápita. Teo tiña 17 €, Ames 12, Santiago 66 e A Estrada 110.

Nos orzamentos presentados a partida para o arranxo do centro de saúde é de 200.000 €, cando probablemente non cheguen. Ademais hai actuacións no orzamento que non se van levar a cabo, como pasa todos os anos.

Tampouco saben nada respecto do centro de día e no cre que sexa verdade a afirmación de que este concello teña un presión fiscal baixa.

Debería explicar os compromisos que ten coa Deputación e está de acordo coa voceira socialista no que respecta á falta de diálogo á hora de elaborar os orzamentos no referente ás actuacións de obras que se podían acordar.

A Presidencia respóndelle á voceira socialista que a execución dos orzamentos dos anos 2021 e 2022 demostra que as porcentaxes en canto a ingresos están bastante atinados e os gastos ás veces dispáranse por distintas circunstancias. O grao de execución nese aspecto soe ser porcentaxes moi elevadas que non conseguen noutros concellos.

Cando din que non saben de onde saen certas cifras nos ingresos, aparte de que puideron preguntar no departamento de contabilidade, é pola recadación que se foi obtendo este ano e son prudentes.

Está todo calculado en datos razoados e razoables.

No referente a gastos diversos, xa lle comentou o departamento de contabilidade, que é unha obriga contable e aí figura o que se gasta, por exemplo en actividades culturais (cabalgata de reis, Entroido, etcétera. Non hai nada raro nin que ocultar.

Sopréndelle que diga que é un orzamento electoralista, porque iso é o que realmente non é, porque se o fose non tería só un 14% de inversión. É un orzamento realista e tentará demostrarlle con feitos que están errados.

No espazo público de San Xián, mentres non haxa proxecto, non presupostan aínda nada. Para ocupar e pechar o espazo non fai falta metelo en inversión porque é mantemento. Cando teñan o proxecto de acordo coa parroquia e a dirección do centro escolar, saberán o que custa e buscarán o financiamento correspondente.

Respecto ao centro de saúde, di que é un tema complexo porque os 200.000 € é o custe aproximado de todas as deficiencias que ten. Acordárase cando se presentou a moción, e así se falou co Sergas e cos médicos, de facer un redistribución do espazo existente para ter un plan funcional con sala de urxencias, sala de enfermaría pediátrica, etc. Iso é algo que teñen que



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



facen os arquitectos do Sergas, a xerencia e os médicos do centro de saúde. Estano valorando agora mesmo e comprometéronse a ter esa valoración antes de final de ano. A idea é ter asinado o convenio co Sergas a principios de ano e se se disparase o custe terán que ver se se fai en unha ou dúas fases.

En canto ao centro de día, hai uns prazos establecidos e non están fóra deles. Chegouse a un acordo con Boqueixón, teñen os terreos e están coa modificación para facilitar a construción do centro e está solicitado o financiamento. De momento están á espera e se non é neste ano, será no seguinte. É unha actuación cun custe moi elevado, preto de tres millóns de euros. A reunión con todos os grupos políticos dos dous concellos farase neste mes.

Respecto á débeda viva, cre que hai que explicala. Nominalmente débense dous millóns de euros, que é o que figura nos pais. Están moi lonxe da débeda que se lle permite aos concellos, un 110% e Vedra está nun 47%.

Pero deses 2.032.000 €, 1.100.000 € son os plans PAE e POS da Deputación, os famosos préstamos que veñen dos anos 2014 e 2015 e todos saben que non se van devolver e por iso todos os anos a Deputación saca unha directriz con outros dous anos de carencia. No seu momento foi unha estratexia xurídica para poder dispoñer deses cartos os concellos e que iso non se devolva por parte dos concellos.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que a ela na Deputación díxéronlle que nalgún momento habería que devolver eses cartos.

A Presidencia replica que ten na súa posesión documentos nos que pon que cando teña que comezar a devolver no ano 2017, ten dous anos máis de carencia, logo outros dous anos máis e logo outros dous anos máis.

Dito isto, están por debaixo de un millón de euros. Logo hai 600.000 € que corresponden á póliza de crédito que se usa para ter liquidez. O concello traballa cunha póliza de crédito de 400.000 € e logo hai unha de 200.000 € porque o ano pasado coas subvencións do IDAE (pavillón e gardería) había que adiantar todo o importe e despois ingresábanlle os cartos ao concello. Tan pronto abonen esa subvención, o concello cancelará esa póliza de crédito de 200.000 €. A póliza de crédito é débeda bancaria a curto prazo e a idea é cancelala ano tras ano.

En canto aos préstamos a longo prazo agora mesmo están en 330.000 €.

A débeda real que ten o concello é de 330.000 € de préstamos a longo prazo, aínda que lle gustaría non ter ningunha, e 400.000 da póliza de crédito.

O equipo de goberno calcula que a débeda real do concello agora mesmo é duns 750.000 €, co cal esa porcentaxe do 47% redúcese a un 18%; bastante lonxe do 110% que lles permite a lei.

A voceira nacionalista pregunta como fixeron entón os concellos que tamén recibiron eses cartos da Deputación e teñen menos débeda ca Vedra ou non a teñen.

A Presidencia contéstalle que houbo concellos que non pediron eses cartos no seu momento e outros utilizaron eses cartos para cancelar os seus préstamos. Vedra naquel momento xa cancelara os seus préstamos e utilizou eses cartos para obras financeiramente sostibles, fundamentalmente sumidoiros e abastecemento.

Di que lle gustaría non ter débeda a longo prazo cos bancos, sería a situación ideal á que quere chegar o grupo de goberno, e traballar cunha póliza de crédito de 200.000 € como máximo.



Posto a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

#### **4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de distinción honorífica a don Horacio Pegito.**

Dáse conta do ditame da comisión informativa de asuntos xerais sobre a concesión de distinción honorífica a don Horacio Pegito.

D. Horacio Pegito Lobato naceu o 9 de marzo de 1935 na aldea de Pousada de Arriba, na Parroquia de Vedra (A Coruña).

Seus pais foron D. Jose Pegito Neira e D<sup>a</sup> Josefá Lobato Sobredo, nados na mesma parroquia. Foi o pequeno de 4 irmáns: Xenaro, Emilio e Delia, hoxe xa falecidos.

Naceu logo da viaxe de retorno do seu pai da Arxentina e en setembro, cando tiña só 6 meses, o seu pai parte de novo cara Arxentina.

A súa infancia transcorreu en Vedra cos clásicos xogos de pelota de trapo, aro, e colgarse do camión de Lema (cando subindo as costas ia a baixa velocidade).

Foi ao colexio en Vedra ata 1945, cando tiña 10 anos. En 1946, a familia toma a decisión de que emigrara a Bos Aires, para reunirse co seu pai, ante a morte da súa nai e o seu irmán Emilio.

Aínda en Galicia durante o ano 46/47, asistiu á escola privada en Lestedo do mestre D. Rosendo Otero, co fin de formarse algo máis.

O 6 de maio de 1947, parte dende o porto de Vigo, lugar emblemático de saída da emigración e chega a Bos Aires o 25 de maio de 1947.

Sendo menor, e viaxando sen familia, foi con D<sup>a</sup> Pilar Otero de Gómez, veciña de Lestedo, que tamén emigraba coas súas fillas Celia e Lourdes.

En Bos Aires, inicia estudos primarios, ingresando en 3º grado, na escola pública diúrna, ata o 5º grado. Ao rematar o mesmo comezou a traballar polo que a partir de 6º grado asiste a unha escola pública nocturna.

Ao ingresar na escola secundaria, opta polo comercial como mellor saída laboral, facendo o curso nocturno en Comercial 10, que finaliza en 1955.

En 1951 seu pai regresa a España, quedando a cargo dos seus tíos D. Jesús Pegito Neira e D<sup>a</sup> Manuela Lobato Sobredo.

Cásase o 21 de setembro de 1955 con D<sup>a</sup> Vicenta María Ascunce De Gea, arxentina, filla de españois, con quen tivo dous fillos: Orlando e Osvaldo, máis un neto chamado Sebastián.

En 1956 ingresa na Facultade de Ciencias Económicas da UBA (Universidade de Bos Aires) na que se recibe de Contador Público Nacional en 1961.

Como moitos emigrantes traballou de axudante de porteiro, repartidor de leite solta con carro de cabalo, cadete de oficina e empregado administrativo nunha casa exportadora de cereais e subprodutos.

En 1956 ingresa na Oficina de Exterior, sector Exportación do Banco Mercantil Arxentino, que nese momento só contaba coa casa matriz. Retírase en 1995, tras 39 anos de labor, co cargo de Xerente Departamental de Administración. O banco nese momento tiña 120 sucursais.

Na súa vida profesional, entre outras actividades, foi síndico e contador certificante de Pico Sagro Agropecuaria S.A. unha empresa agrícola, gandeira e industrial láctea, propiedade de D. Jesús Iglesias Estevez, D. Manuel Iglesias Pegito e D. Hipólito Lobato Sobredo, veciños de Vedra, que recrearon o nome do Pico Sacro en Arxentina.

Tamén estivo ligado profesionalmente a D. Manuel González Mogo e outros paisanos.

Foi presidente da Sociedade Parroquial de Vedra en Bos Aires dende 1992 ata 2008, tras desempeñarse como secretario con catro dos cinco presidentes anteriores entre os anos 1964 e 1992: D. José González Caneda, D. Jesús Peillet González, D. Manuel González Mogo e D. Jesús Iglesias Estévez.

No ano 1970 como secretario da Sociedade de Vedra e baixo a presidencia de D. Jesús Peillet, realizouse o histórico viaxe en voo chárter, Bos Aires-Lisboa. De alí, en ómnibus especial





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



emprenderon viaxe ata Galicia, onde foron recibidos primeiro en Boqueixón polas autoridades municipais que lles brindaron unha especial benvida.

A chegada a Vedra foi á madrugada do 21 de xullo. O grupo consistía en 68 persoas e todo o pobo estaba esperando xunto coas autoridades. O traxecto dende a estrada ata a igrexa para saudar á virxe foi emocionante e todos os maiores que o viviron aínda o recordan.

Este foi o inicio dun contacto permanente entre os veciños de Vedra de arriba e de abaixo, que segue a ser totalmente diferente ao dos outros concellos da comunidade.

Durante a súa presidencia (ano 2001) firmouse o convenio de integración da Sociedade de Lestedo Pico Sacro, no que se acordou “integrar a los residentes de Boqueixón de la R. Argentina, que así lo desearan, a la Sociedad Parroquial de Vedra de Mutualidad y Cultura, con todos los derechos y obligaciones que estipula el estatuo social de ésta”.

D. Horacio Pegito Lobato foi vocal e secretario xeral da Federación de Sociedades Españolas en Arxentina; e vocal, secretario xeral e presidente da Federación Unión de Asociaciones Gallegas. Igualmente foi conselleiro do CRE (Consejo de Residentes Españois) pola demarcación consular de Bos Aires.

Participou en 7 Consellos de Comunidades Galegas, do 3º ao 9º, e no 6º celebrado en Santiago de Compostela entre o 30 de xuño e o 2 de xullo de 2000, foi electo como delegado por América, co voto favorable de 52 entidades de América, para integrar a Comisión Delegada de dito Consello.

Durante a súa presidencia intensificáronse as relacións coas corporacións de Vedra e Boqueixón, os veciños destes concellos en numerosas viaxes realizadas sempre foron recibidos na Sociedade de Vedra ao igual que os residentes en Bos Aires o foron en Vedra.

O concello de Boqueixón distinguiuno como fillo predilecto no ano 2010 polo seu traballo en favor dos seus compatriotas residentes en Arxentina e Galicia.

Durante o seu mandato á fronte da Sociedade de Vedra abriu a institución aos sete concellos da comarca compostelá, e no ano 2006 asinou un convenio de colaboración coa Mancomunidade de Santiago de Compostela axudando a articular medidas de apoio segundo as necesidades detectadas no colectivo emigrante.

D. Horacio Pegito desempeñou, e desempeña, un rol moi importante na colectividade, máxime cando as circunstancias e problemática da emigración así o requirían, soubo transmitir dende os diferentes cargos que ocupou as necesidades dos paisanos e ao mesmo tempo difundir a cultura e actualidade da Galicia territorial. Con visión de futuro apoiou sempre a participación da mocidade nas entidades e recibiu como presidente da Sociedade de Vedra varios intercambios de mozos que proviñan de Galicia.

No ano 2016 foi nomeado Galego do Ano pola Federación Unión de Sociedades Gallegas de la República Arxentina pola súa traxectoria e labor a favor da colectividade española e galega na Arxentina.

Actualmente como presidente honorario da Sociedad Parroquial de Vedra segue participando activamente e é un referente como dirixente da colectividade que mantivo durante a súa extensa traxectoria os principios democráticos como unha distinción no seu accionar.

É por todo ilo que considero que D. Horacio Pegito reúne todas as condicións para ser distinguido co nomeamento de “Concelleiro Honorario do Concello de Vedra”, tendo ademais



constancia de que son numerosos os veciños/as e institucións de ambas marxes do océano que igualmente o creen merecedor de tal honra.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que cando puxo enriba da mesa hai anos este tema para nomealo Alcalde Honorario o seu grupo votou en contra porque hai certa controversia cara esa persoa e esa unanimidade en torno á súa figura ten arestas.

Sabendo que seguro fixo cousas boas polos veciños de Vedra, cre que todo o que se faga debe ser por unanimidade. Se de conceder honores se trata, o seu grupo quere retomar a iniciativa que presentou no ano 1999 para poñerlle o nome de Angel Rey a unha rúa en Ponte Ulla. Naquel momento o PP votou en contra.

Cre que non se vai dar a unanimidade, e se non é así non van votar a favor desta proposta.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, indica que no regulamento de concesión de honras, fala de que alguén ten que facer unha solicitude, e neste caso non se dá. Está indicada a que fai o presidente da comisión de festas das Dores no ano 2016 para nomealo Alcalde Honorario, pero non para concelleiro, polo tanto xa non cumpre esa condición. O escrito que lle entregaron non vén asinado por ninguén, polo que xa é nulo por iso.

Dentro do procedemento figura que ten que haber un concelleiro para que asine ese informe e tampouco existe.

En canto á figura de don Horacio Pegito, xa indicou nestes días que é unha persoa cun carácter fortemente político, con niveis que ata veciños vedreses de Bos Aires, non están de acordo con nomealo en ningún cargo de Vedra. Parece ser que dentro da Sociedade Parroquial hai moita xente, sobre todo nova, que se sente bastante excluída por el. Por outro lado, dinlle dende Arxentina, que a familia Pegito fagocita a institución e úsaa para certo lucro persoal. Fálánlles dunhas obras de reforma traballos directos de familiares, tanto na propia asociación como noutras institucións financiadas pola Xunta de Galicia. Por todo isto, non lle parece apropiado o nomeamento.

Traer isto a pleno de novo dende o ano 2016 xusto cando o Alcalde vai ir a Arxentina a reunirse con esta familia en tres días, cando menos non é apropiado. Parécelle unha ofrenda persoal do Alcalde pero pide que non poña a todos nese compromiso.

Cre que se quere facelo ben ten que volver falar con todos os veciños, mesmo co actual presidente da comisión de festas das Dores e con máis xente de Arxentina.

Fala doutras persoas merecedoras de ter ese recoñecemento segundo lle din dende Arxentina como Javier Zas ou Manuel Oliveira Viqueira, xornalista e político xa falecido.

Por todo isto, anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Presidencia móstrase realmente decepcionado. Cando o grupo socialista fala de facer unha homenaxe a Anxo Rei, repite o que dixo nas comisións e xuntas de voceiros, non ten problema en traelo a pleno debatelo e facer a homenaxe. O grupo de goberno non vai ir sequera a unha cuestión tan formalista como o BNG e non ten problema en valoralo. O que sempre dixo e mantén, é que no caso de Anxo Rei vai sempre falar coa veciñanza, porque igual que pasou coa homenaxe a don Arturo Cajaraville, o PP tiña unha idea e a propia familia e a asociación de veciños cambiáronlla. Nunca van impoñer unha idea á veciñanza independentemente de que a persoa mereza o recoñecemento.



O PP sempre mostrou un talante moi diferente, polo que está vendo hoxe, ao PSdeG-PSOE e BNG. O grupo socialista está buscando unha escusa para votar en contra.

A voceira do grupo socialista responde que a escusa para votar en contra non é menor. Débese aprobar por unanimidade.

A Presidencia replica que a unanimidade, polo que parece, sempre a ten que poñer o grupo de goberno, porque cada vez que hai unha proposta do PP sempre hai algún matiz por parte dos outros grupos. Ten claro que o grupo socialista vai votar en contra.

O grupo socialista está disposto a votar a favor sempre que haxa unanimidade e pregúntalle cal ten que ser a postura do PP cando haxa unha proposta socialista.

Respecto á voceira do BNG, dille que cando recapacite vaise arrepentir das consideracións que fixo. Dicir que o Alcalde viaxa a Arxentina para reunirse cunha familia é ofender a toda a colectividade. Erra en moitas cuestións, con independencia de que haxa un procedemento establecido no regulamento, está claro que esta proposta está feita polo grupo de goberno e están lexitimados para facelo. Recórdalle que a proposta de Alcalde Honorario nunca se votou.

O regulamento establece un procedemento para actuar, pero se se trae a pleno esta proposta polo equipo de goberno, esa é a súa sinatura, avalada co que no seu momento presentou a Sociedade Parroquial de Vedra asinada por 22 membros da directiva da dita sociedade.

O BNG foi claro na súa postura. É unha postura ideolóxica; como esta persoa está vinculada ao PP van votar en contra.

Invita aos dous grupos a viaxar a Arxentina e coñecer a colectividade, porque ao mellor cambiaban a súa percepción.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, aclara que esta postura vén motivada porque lle comentaron certas cuestións que lle parecen controvertidas. Hai persoas do PP e de Vedra que seguramente merezan moito máis este recoñecemento.

A Presidencia replica que é certo que esta persoa está vinculada ao PP, pero cre que todos os homenaxeados de Vedra teñen unha orientación política. Por tanto non deben utilizar a orientación política para rexeitar un nomeamento.

En Vedra fixéronse homenaxes apoiadas polo PP de xente de orientación política de esquerdas que seguramente non todo o mundo estaba de acordo. O PP nunca tivo en conta a orientación política das persoas homenaxeadas nin tomou decisións partidistas. Mesmo hai unha placa colocada no salón de plenos da última corporación democrática da República que se intentou colocar en moitos outros concellos e non foron capaces e o PP de Vedra foi dos primeiros que fixo ese recoñecemento. O PP pode presumir de que non son partidistas e valoran os méritos e merecementos das persoas independentemente da súa orientación política. O seu partido seguirá coa actitude nobre que tivo ata agora con independencia do que fagan hoxe o PSdeG-PSOE e o BNG.

Di que ten claro o seu compromiso coa colectividade arxentina, que por certo non vota nas eleccións municipais, porque moitos alcaldes deixaron de viaxar dende que non votan nas municipais. Segue indo a Arxentina e pagando do seu peto.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que calquera dos que están no pleno gustaríalle coñecer esa colectividade, como tivo ocasión o Alcalde de coñecela cando viaxou co concello cando gobernaba Odón Cobas nunha viaxe na que o concello financiaba unha parte.



Intervén a voceira do BNG para dicir que pasou por alto o carácter político desa persoa porque non lle parece o máis relevante. Para ela predomina que xera moita controversia que a reforma levada a cabo no propio edificio da Sociedade Parroquial, segundo lle contan, fora levada a cabo polo seu propio fillo como arquitecto, ou que familiares traballen nesas institucións. Para o BNG iso si é relevante. Recórdalle que traer isto a pleno xusto antes da viaxe a Arxentina parécelle moi pouco oportuno e interesado, xa que o podería facer en calquera data do 2019 ao 2021.

A Presidencia replica que lle quedan claras as posturas de cada grupo.

Posta a votación, rexéitase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e BNG, xa que son precisos nove votos a favor.

### **5º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG para o cumprimento efectivo das mocións aprobadas polo Pleno municipal.**

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, na que expoñen que as mocións presentadas para o seu debate no pleno, son propostas que en xeral pretenden contribuír a solucionar deficiencias, problemas ou necesidades que, en distintos ámbitos, presenta o concello, polo tanto actuacións en positivo, que recollen ademais pedimentos e demandas da veciñanza

Polo tanto, deberían supor un compromiso para levar a cabo as medidas propostas e facer efectivo o seu cumprimento, que desgraciadamente non se cumpre, ou no mellor dos casos, queda diluído en actuacións dispersas que desvirtúan o sentido da moción, sen esquecer ademais que nin os grupos políticos nin a cidadanía son informados das actuacións levadas a cabo polo goberno local para o seu cumprimento, nin tampouco dos prazos previstos para a súa execución definitiva

Despois de citar unha mostra de mocións presentadas polo grupo, que sendo aprobadas polo pleno foron esquecidas, solicita a aprobación da seguinte moción:

1º.- Emisión dun informe por parte do Secretario municipal, antes de que remate 2022, detallando o grao de cumprimento dos acordos aprobados nos plenos a través de mocións. O citado informe especificará de maneira pormenorizada o grao de execución das mocións, as xestións realizadas e o seu resultado.

2º.- Creación dunha comisión especial de seguimento de mocións aberta á veciñanza, para controlar o seu cumprimento antes de que finalice o 2022. A comisión deberá definir e aprobar o cronograma de cumprimento de cada moción. A composición, organización e funcionamento será a propia de calquera comisión informativa. Dita comisión será presidida pola Alcaldía–Presidencia, agás delegacións, e a periodicidade da mesma será trimestral, debendo convocarse con carácter ordinario o segundo xoves do último mes do trimestre. A asistencia ao devandito órgano non computará aos efectos de indemnizacións por asistencias.

3º.- Incluír na web do concello unha páxina ou sección claramente visible a través da que os cidadáns e cidadás poidan acceder á relación de mocións aprobadas polo Pleno, ao seu contido e ás actuacións que se estean levando a cabo para facer efectiva a súa aplicación e cumprimento.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que é unha moción para que lles indique cun informe o grao de cumprimento e para facer un seguimento das mocións presentadas e esquecidas e se algunha se pode empezar a levar a cabo como a referida ao espazo de deportes alternativos aprobada no ano 2019; a construción dun intercambiador de transporte Vedra-Boqueixón- Santiago, etc.



Isto viña dado porque intentaban que houbera un autobús que dera conectado coa Susana. Outras mocións esquecidas son a do centro de día e a creación dun SIX. Pasou máis dun ano e non saben nada delas.

A Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costa Carneiro que di non van votar a favor porque están totalmente en desacordo coa moción, como non pode ser doutra maneira, e aínda por riba fan algunhas afirmacións que non son do seu agrado: “aplicadas dunha maneira directamente retorcida... incompetencia demostrada...”

Como xa levan tempo, non lle sorprenden algunhas das súas opinións, que xa se suceden con frecuencia, de que todo está mal, de que o grupo de goberno o fai moi mal, etc.

Pero iso si, aproveitan a moción para soltar o que lles parece, ou, se cadra, no mellor dos casos, a súa visión. Visión que por suposto non comparte e que convén explicar.

Sen pretender aburrir entrando en todas as mocións que relacionan e que xa foron debatidas suficientemente no seu momento, sinala algunhas nas que o que apunta o BNG é algo non apropiado. Dan unha versión dos feitos, e unhas opinións, pero no por iso ten que ser así. De feito non é así. Poden equivocarse como calquera persoa pero ninguén os pode acusar de falta de transparencia. De feito, se o grupo de goberno informara calquera moción, tanto as presentadas por canles habituais como as que se presentan por urxencia, negativamente, xa non viñan a pleno. Sempre as traen e se debaten porque o debate enriquece a todos e todos expoñen as súas posturas, podendo chegar a acordo ou non.

Respecto ao fomento de contratación de empresas do concello di que xa o fan, todo o que a lei de contratación lles permite. Asegúralle que son os primeiros interesados en apostar polas empresas do concello, como agardaría que fixesen vostedes se gobernasen.

En canto ao correcto aproveitamento dos inmobles de propiedade municipal sinala que se algo fixéron nestes anos foi poñer en valor os inmobles, fomentar o seu uso pola veciñanza e o asociacionismo, implicalos/as para que coparticiparan na xestión, e sobre todo usalos, porque moitos estaban pouco utilizados.

Sobre as bicicletas di que primeiro, están na aldea e non parece moi sostible o de facer carrís bici, pero aparte diso, si fixéron o velódromo, e si solicitaron a sinalización de prioridade ciclista nas estradas da Deputación. No tema das bicicletas saben que colaboran, na medida do posible, con Cicloescusa e o Club Olímpico e teñen en boa consideración as súas recomendacións.

Respecto ao PAES, na actualidade xa teñen o PACES para os vindeiros 10 anos (Plan de acción para o clima e a enerxía sostible), e ese é a súa guía.

En relación ao que fai uns anos iniciaron coa Universidade, vostedes sempre falan de tirar pola borda un financiamento de centos de miles de euros. Pregunta cando e como. Iso é o que nunca explicaron, xa que nunca se concedeu unha subvención para isto.

Pero fuxindo de polémicas, sempre foron da man naquel momento da Universidade, empezando por un estudo de eficiencia enerxética de varios edificios municipais. E posteriormente sempre a Universidade e o concello foron quen de entenderse, e ver en que seguintes proxectos participaban (temos pendente o secadoiro do obradoiro de produtos locais de San Mamede). E cando queiran chaman aos responsables da universidade e falan todos xuntos nunha mesa de quen ten ou no ten razón. Porque o BNG sempre entende as cousas á súa maneira, e ás veces esa non coincide coa realidade.

Respecto ao tema de Correos, vostedes anunciaron aos catro ventos que ían cerrar as oficinas. Aínda seguen, e certamente o servizo pode ser mellor, pero o que ten claro é que co grupo de goberno o servizo cando menos segue a ser igual que era antes (agora ademais xa teñen vehículos propios, das catro prazas fixas, 3 xa están cubertas e parece ser que a de San Xíán agora tamén). E por último, levan 3 anos apoiando ao goberno socialista en Madrid e non sabe cales foron as súas xestións respecto deste tema, porque isto depende de Madrid).

Sobre a humanización dos tránsitos de vehículos nos núcleos urbanos de Vedra, só falta que agora vaia ser a culpa do PP despois de 8 anos gobernando o PSdeG-PSOE e o BNG na Deputación. O concello reclamou, mandou os escritos das asociacións de veciños, tivo reunións cos técnicos, cos cargos, tivo a reunión todos xuntos con vostedes, etc.



En fin, quere que lle explique a frase “buenismo e mentiras” Pregunta se lle está chamando mentireiros. O grupo de goberno antes da algarada e da pancarta, é máis do diálogo, do traballo e do respecto e colaboración institucional, governe quen governe.

Respecto á plataforma E-commerce, di que está feita. O que non acaba de entender é o de “non quedou máis remedio que facela finalizando a pandemia cando xa non valía para nada”.

Pregunta que quere dicir con iso. Que as plataformas de venda on line só valen en pandemia ou que agora hai que descartala, xa que rematou a pandemia.

Sobre o intercambiador de transporte di que levaron a moción adiante, solicitaron a mesma onde tiñan que facela, que era no concello de Santiago, e tamén consta a solicitude do concello no plan estratéxico da Xunta de Galicia para o transporte público de Galicia.

A partir de aí, pregunta se o BNG de Vedra falou algunha vez con Gorretti disto e se aí algunha proposta do BNG de Santiago en relación a isto, porque recórdalle que están a falar de terreos de Santiago de Compostela.

En relación ao transporte metropolitano volven a mesturar churras con merinas, e levan varios anos dicindo o mesmo. Hai que aclarar que o transporte de Teo e Vedra deseñouse conxuntamente, mellorouse nun 300 % durante a semana en un 500 % durante o fin de semana. O que si vale para a aldea de Baamonde en Teo , vale para Trasariz en Vedra (dúas aldeas que están pegadas), pero sobre todo o máis importante, en todo este tempo non saben cal é a proposta concreta do BNG: que rutas, que paradas, que frecuencias, cantos condutores e autobuses fan falta, un estudio económico, etc.

Sobre o centro de día e miniresidencia, di que teñen o acordo Vedra e Boqueixón, teñen o terreo, o proxecto, e están a tramitar unha modificación do PXOM para facilitar o mesmo, e agora están pendentes do financiamento.

Sabe como son estas cousas, levan o seu tempo, pero é unha realidade que verán máis pronto que tarde.

No que se refire ao patio da Escola de San Xián di que se deu conta de todos os pasos desenvolvidos, tanto a vostedes como a veciñanza.

Respecto dos acordos propostos cando solicita a emisión dun informe di que o BNG vén pedindo informes cando o consideran, son numerosas as veces que se deron conta deles aquí no pleno, que é público.

A creación dunha comisión especial de control, é un invento novo e para el case unha ocorrencia. O órgano soberano de goberno e de control son os plenos e aquí calquera membro da corporación ten o dereito, e considera que o deber, de exercer as súas funcións, e volve a recordarlles que é público. Fan as preguntas e rogos que consideran e interveñen nos debates plenarios. E iso todo con luz e taquígrafos.

E para que a veciñanza estea informada, dende que este grupo goberna en Vedra, poñen publicidade dos plenos en taboleiros nas parroquias para que veciños e veciñas saiban o que se vai tratar por se é do seu interese, mandan esta información por novas, póñena nas redes sociais, e logo na web están as actas plenarias, as actas das xuntas de goberno, os concursos, os contratos, etc.

As sesións plenarias poden seguilas por streaming.

Mesmo algunhas mocións foron publicadas nos boletíns. Sempre buscan a transparencia. E sen esquecer ademais do control que poden exercer e exercen ,como é o seu dereito, con información dos técnicos, preguntas nos plenos, comisión, xuntas voceiros, preguntas por escrito, etc

No que se refire a incluír na web do concello unha páxina ou sección claramente visible, cre que xa lles dixo que na web municipal hai en : concello en liña, transparencia, acceso a plenos, a información á que se refire.

Por todo isto van votar en contra. Non comparte o que se di na moción, non lle parece necesaria e considera que non achega nada, parécelle que simplemente é que comezou a campaña electoral.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que é unha moción de partido. O BNG xunta as mocións que el mesmo formulou, algunhas moi ben, e outras apropiándose de iniciativas doutros.

Recórdalle ao Sr. Costa Carneiro que respecto á seguridade viaria na reunión de xuño en A Coruña coa Deputación, os técnicos dixeran que non sabían que era o que quería exactamente o concello.

Anuncia a abstención do seu grupo na votación da moción.

A voceira do BNG di que é verdade que non incluíron as mocións do grupo socialista, pero que no caso de que quixeran, poderían facer.

Parece que o obradoiro de produtos locais de San Mamede vai entrar nos plans do grupo de goberno este ano despois de estar cinco anos parado.

En canto a Correos, hai veciños moi molestos polo funcionamento deste servizo no concello debido ao retraso na entrega de notificacións importantes (multas, citas médicas, etc).

Para eles primeiro son os veciños de Vedra, e se hai que chamar aos medios ou facer mobilizacións para solucionar problemas, farano.

O Sr. Costa Carneiro reconece que lles gustaría ter feito antes o obradoiro de produtos locais. Respecto a Correos di que é un problema xeral e que se acentúa cando teñen que cubrir as vacacións dos titulares. Ao mellor teñen que reformular, sen vulnerar os dereitos dos traballadores, outro sistema. Se vén unha persoa que non coñece a zona é complicado.

Posta a votación, rexéitase con oito votos en contra do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous en contra do BNG.

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG relativa a tomar medidas para o fomento do sistema de transporte público por estrada.**

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG na que se expón que o transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

O transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentable o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público axudará a reducir o número de vehículos persoas nas estradas e polo tanto as súas emisións, accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos

Dende a instauración do último plan de transporte de Galicia, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante o novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica, que está a deixar unha Galicia mal comunicada e un servizo máis precario, coa eliminación de horarios, itinerarios e paradas, repercutindo negativamente na vida diaria da sociedade galega.

Cómpre fomentar o uso do transporte público cun reforzo en itinerarios e horarios, facendo que se cumpran as condicións do servizo e que este sexa accesible economicamente para os usuarios, polo que solicitan do pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno Galego a fomentar o uso do transporte público por estrada, aplicando, cando menos, as seguintes medidas:



- a) Reforzo do servizo en concepto de itinerarios, horarios e paradas dispoñibles, tanto nas conexións coas cidades coma no transporte entre comarcas e rural.
- b) Instauración dunha tarifa plana para usuarios recorrentes e bonificacións aplicando criterios sociais, tales como situación de desemprego, rendas baixas, persoas pensionistas, ...etc
- c) Posta en marcha de bonificacións para a mocidade, ligadas ao Carné Xove, para as persoas que excedan a idade máxima da Tarxeta Xente Nova e gratuidade no transporte público para estudantes.
- d) Gratuidade das autovías dependentes da Xunta de Galicia.

2º.- Instar ao Goberno galego a un reforzo no control e inspección, a todos os niveis, no cumprimento dos contratos asinados coas empresas concesionarias.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que é unha moción de partido. Fala da gratuidade de autovías, non da gratuidade do que é o transporte público, dunhas tarifas planas e certas modificacións que se podería levar a cabo, dos reforzos dos servizos. Certos cambios, modificacións e reforzos poderían levarse a cabo sen problema.

No que se refire a Vedra, cre que en canto a horarios podíanse ampliar e mellorar polas mañás e polas noites. A frecuencia da noite do traxecto de Vedra a Santiago, moitas veces non para.

A Presidencia contesta que como ben dixo a voceira do BNG é unha moción de partido e como hai unhas eleccións dentro de seis meses é o momento de desgastar á Xunta de Galicia.

Teñen unha visión catastrofista do novo plan de transporte. En termos xerais a Xunta de Galicia vai destinar para o ano noventa millóns de euros para o fomento do transporte público. En relación ao transporte metropolitano pasouse de 20.500 paradas a 55.000, de 927 liñas a 3.500 liñas; de 1.500.000 servizos a 2.400.000; co cal a mellora é obxectiva e ampla.

Centrándose en Vedra, Teo e Vedra deseñaron un plan de transporte que no caso do transporte interior de Vedra mellorou un 300% de luns a venres e un 500% na fin de semana. Cando colocaron no verán nas marquesiñas os novos horarios do transporte metropolitano, atoparon en Trobe un folio cos horarios que había antes de entran en vigor este novo transporte metropolitano, e nel figuraban as liñas que había antes en Trobe para viaxar a Santiago. Antes había tres e agora hai once.

No seu momento foi un traballo complicado e arduo, e houbo moitos concellos (tamén do PP) que non o fixeron. Evidentemente o de Vedra non é perfecto, pero si moito mellor có de antes. Iso non quita que ás veces haxa incidencias que se deben reclamar no departamento específico da xunta para ese tipo de reclamacións ou no concello para que llas traslade á Xunta.

Por outro lado, recorda que se implantou na pandemia e nesa época era difícil medir o que funcionaba ou non. Cre que no verán do 2023 será o momento de facer as valoracións para ver os axustes que son necesarios e se poden facer e sentarse coa UTE e a Xunta de Galicia para valoralos.

Dende a postura da xestión é complicado cando se está ante un concello moi disperso, cando contan os tempos de desprazamento e cando conta a poboación efectiva. Se se pretende chegar de Vedra a Santiago en 25 minutos non se poden ter 35 paradas. Para chegar en 25 minutos tería que haber 10 paradas, o que significa que haberá veciños que estean a 100 metros da parada e outros a 1,5 km. Tamén é importante o número mínimo de usuarios que ten unha liña para poder mantela. Ten claro que en Vedra o transporte non é rendible, pero si é necesario e é un servizo que hai que prestar.





O grupo de goberno vai rexeitar o primeiro punto da moción, porque cre que debería dicir cales, ser máis concreto e estar cuantificado.

No tema das bonificacións, di que xa se aplican criterios sociais. Hai unha tarxeta social. Hai 63 concesións que contan con distintas bonificacións para estudantes e menores; 26 que xa a aplican a desempregados e a persoas en situación de vulnerabilidade; 28 que fan descontos a persoas maiores, pensionistas e xubilados; está a tarxeta Xente Nova ata os 21 anos que non pagan nada. Os usuarios só pagan o 24% do custe do billete, o resto está subvencionado pola administración.

Sorpréndelle que non inclúan na moción a AP-53, que é do Estado, que é a que afecta a Vedra.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que cando foi da bonificación que estableceu o goberno do Estado pola AP-9, falábase de que a Xunta non bonificaba nada nas súas autoestradas, e entre elas estaba a de Ourense, AP-53. Pregunta dende cando son bonificadas as autovías que dependen da Xunta de Galicia.

A Presidencia di que o BNG presenta mocións nas que se aumenta moito o gasto, pero non di de onde van sacar os ingresos para compensar esa gratuidade. Está de acordo co segundo punto da moción e o grupo de goberno está disposto a que sexa aprobado como declaración institucional do concello.

A voceira do grupo socialista di que tamén están de acordo co punto 2 da moción e pregunta como van saber se hai algunha sanción imposta, porque houbo graves incidencias con algúns autobuses. Tamén pregunta que grao de aceptación ten este plan dende que se instaurou.

A dona Yolanda Vieiro, do BNG, gustaríalle que se aprobara primeiro a moción e logo se fixera a declaración institucional.

Posta a votación, rexítase con oito votos en contra do PP, tres abstencións do PSdeG-PSOE e dous a favor do BNG.

Proponse o punto segundo da moción como declaración institucional. Sométese a votación e apróbase por unanimidade.

### **7º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG de apoio ás traballadoras do SAF.**

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG de apoio ás traballadoras do SAF.

Nela expoñen que a crise orixinada pola COVID-19 xunto coa escalada dos prezos fixo emerxer con todas crueza a situación de deterioro do servizo de axuda no fogar.

O deixamento da Xunta infrafinanciando unha competencia que non asume e deixándoa nas mans dos concellos non fixo máis que agravar dita situación, que na realidade está repercutindo dun xeito moi grave nas xa minguadas economías municipais, así como na situación laboral das traballadoras e na calidade asistencial. Non se pode permitir que en función da capacidade económica do concello a situación laboral das traballadoras mude e a prestación dun servizo tan necesario como básico sexa dunha ou outra calidade.

As traballadoras do SAF están en folga para defender os seus dereitos laborais pero tamén os das persoas usuarias que son quen sofren as consecuencias dun servizo sostido na precariedade laboral.



Por iso o Grupo Municipal do BNG solicita a aprobación polo Pleno da moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno do Concello de Vedra mostra o seu total apoio ás traballadoras do Servizo de Axuda no fogar nas súas reivindicacións laborais por un convenio digno.

2º.- O Pleno do Concello de Vedra insta á Xunta de Galicia a asumir ás súas responsabilidades e a mediar na busca dunha solución para os graves problemas salariais e laborais que afectan ao colectivo de traballadoras.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que dende o luns está desconvocada a folga pero seguen coas reivindicacións.

Neste concello hai unhas melloras significativas grazas ao grupo de goberno, sindicatos e traballadoras que fixeron un esforzo importante. Moitas das reivindicacións das traballadoras aquí xa se están aplicando e aínda así hai outras que obviamente non están nesas melloras e que necesitan estar nese convenio que espera se faga de maneira digna. Cre que a moción segue sendo válida e necesaria.

Aínda que é unha competencia da Xunta de Galicia non lle importa incluír na moción ao Goberno de España porque ten a súa responsabilidade en canto a financiamento.

Solicita o voto a favor.

A Presidencia agradece as palabras da voceira do BNG. Cre que houbo un traballo importante dos representantes sindicais do SAF de Vedra naquel momento a finais do 2020; houbo unha boa disposición por parte da empresa e por suposto a contribución do grupo de goberno. Houbo que poñer moitos cartos enriba da mesa e quere agradecer que a representación sindical entendera que non se podía implantar todo nun ano e pactouse facelo en tres anos.

É un traballo duro e necesario que hai que seguir dignificando e van seguir apostando por el.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que estaba en folga un sindicato en concreto, outros estaban intentando negociar ese convenio. Fan unha descrición da precariedade laboral que sempre acompañou a este posto de traballo e cónstalle que prestan o mellor servizo a cada usuario que teñen. Pensa que a Xunta de Galicia debería estar nesa mesa de negociación coas traballadoras e a patronal, porque o actual convenio é do ano 2011.

Posta a votación, apróbase por unanimidade.

#### **8º.- Declaración institucional do 25 N.**

A Presidencia cédelle a palabra a dona Susana García, que di que no nome da corporación vai dar lectura ao manifesto que amosa o rexeitamento unánime a calquera tipo de violencia contra a muller e contra os menores.

“A liberdade, a seguridade e a integridade, son dereitos inherentes ao ser humano incuestionables e, como tales, non poden limitarse por circunstancias temporais ou espaciais nin tan sequera pender de ningún criterio, moito menos, pola condición de xénero.

A natureza esencial destes principios obriga a que non baste con que sexan respectados; deben estar garantidos sen fisuras cos medios legais e económicos precisos e coa defensa sen concesión por parte da sociedade –auténtica titular do poder nun sistema democrático-, que debe esixir que isto sexa así.



Con motivo deste novo 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, a Federación Galega de Municipios e Provincias, manifesta a firme convicción e determinación das Entidades Locais galegas para erradicar calquera tipo de maltrato sobre as mulleres, os seus fillos e fillas e achegados e achegadas, vítimas todas do machismo, xa que o maltratador leva por medio a quen considere con tal de que ela sufra.

Ademais da física, repudiamos calquera outra forma de agresión machista: psicolóxica ou emocional, sexual, económica, acoso, vexación... tanto no eido persoal como laboral.

Dende o municipalismo facemos un chamamento á responsabilidade común, tanto de institucións como de cidadanía, no problema da violencia de xénero. Ninguén pode mirar para outro lado. Cadaquén debe asumir a súa responsabilidade no problema e na solución do mesmo. Cómpre reflexión sincera por parte de todos e todas e acción conxunta.

Unha vez máis as Entidades Locais comprometemos traballo arreo, sen escatimar esforzos nin medios dentro das nosas posibilidades, priorizando ás políticas e medidas contra a violencia de xénero fronte calquera tipo de maltrato e facilitando e fomentando a colaboración do resto das administracións e cidadanía.

Apostamos pola información e concienciación dos dereitos e ferramentas aplicables para cada situación, facendo o que estea na nosa man tanto no noso espazo como fóra del, para que quen os precise acceda a eles.

A Fegamp pide tamén, en nome das Entidades Locais galegas, os medios necesarios para o labor e que se afaste esta loita da pugna ideolóxica, porque non cabe ningún tipo de negación desta cruel realidade e que no punto de mira de todos e todas só deben estar a liberdade, a seguridade e a integridade para todas as persoas.

Os concellos queren lanzar, por último, unha mensaxe de esperanza e forza para todas estas mulleres que están a sufrir a violencia machista e a calquera que sufra o maltrato de xénero. Lembrámoslles que non teñen porque toleralo baixo ningunha forma e que estamos ao seu carón para axudalas a saír. Animamos por tanto ás vítimas e a calquera que teña coñecemento dalgún caso a dar o paso para pór fin á inxustiza. Contan connosco. Poñemos a disposición e alentamos a facer propio o noso Decálogo #PoloBoTrato:

1. Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.
2. Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
3. Difundir unha imaxe non sexista da muller.
4. Traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova.
5. Fomentar a ética e a co responsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes.
6. Identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.
7. Respetar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.
8. Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal.
9. Rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller.
10. Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.

### **9º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:



1º.- Sobre cal é a situación do censo de poboación, di que segue pensando en acabar o ano por riba dos 5.001 habitantes. Cara o ano 2023 non ten ningunha implicación porque a cifra oficial do padrón sempre é a un de xaneiro do ano anterior que se determina definitivamente a finais dese ano; polo tanto seguirá habendo o mesmo número de concelleiros, as mesmas condicións económicas, etc.

2º.- Respecto á liña de axudas para a contratación de orquestras di que é unha liña específica da Deputación para contratar orquestras. O concello solicitouna por se podía botarlle unha man ás comisións de festa e solicitárona 6 comisións.

A voceira do grupo socialista di que supón que ten que ver co que fan outros organismos como a Xunta que fomentou este ano os festivais.

3º.- Sobre a modificación do IBI di que xa foi modificada hoxe.

4º.- Respecto ao proxecto complementario do establecemento hoteleiro Beatnik Country House di que está pendente de que o presenten. Cando fagan comunicarllo.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- As dúas primeiras son rogos dos que toma nota.

2º.- Respecto ao centro de día, día que xa o faláron no debate de hoxe.

3º.- Sobre o centro de saúde di que xa o comentaron no debate sobre o orzamento. Unha cousa é a reparación solo e outra o plan funcional. Hai dúas semanas estiveron reunidos a xerente do Sergas, o director xeral e os médicos do centro de saúde. O proxecto en principio teno que facer o Sergas e tentarán ter asinado o convenio en xaneiro ou febreiro.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao Decreto de Alcaldía 576 do 26/08/2022 no que se cede o uso do vagón coworking a Financeira Madeireira, S.A. di que unha das funcionalidades que ten todo o espazo, con independencia dos emprendedores que alí estean e así está regulado no seu regulamento, é que pode ser usado puntualmente por entidades, empresas, asociacións, etc pagando unhas taxas. Para o concello que unha empresa como Finsa o solicite, empresa vinculada á madeira, cre que é positivo para ese espazo e para Vedra.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os problemas co transporte dos colexios di que xa levan máis dun mes e medio sen incidencias e espera que continúe así. De todos os xeitos o concello está vixiante sobre ese tema.

2º.- Respecto a que os rapaces de Vedra están indo a patinar a Boqueixón, di que é consciente diso. Cando se mellorou o pavimento do pavillón de Vedra hai uns anos, onde se pasou do cemento a un PVC específico deportivo, a única actividade prexudicada era patinaxe porque freaba os patíns. Naquel momento falouse con Boqueixón para usar o pavillón de Lestedo, porque queda igual de céntrico ca Vedra. Cre que é bo para todos compartir espazos.

### **10º.- Rogos e preguntas.**

-- Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Recórdalle que se ían asfaltar unhas pistas co plan PIR da Xunta de Galicia e quedou de pasar a relación de pistas e aínda non o fixo.

-- Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:



1º.- Como está o estado da concesión da xestión do pavillón.

2º.- O Sr. Vázquez dixo o ano pasado que ían amañar os ascensores e elevadores de edificios municipais e pregunta como está iso.

3º.- Cal é a situación de dous acordos plenarios de dúas mocións presentadas polo BNG respecto á pista de skate e o rocódromo.

4º.- Solicita que no próximo pleno indique o número de habitantes a finais de ano.

5º.- Pregunta se está Boqueixón financiando parte dos gastos do servizo da ludoteca.

-- O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita que se lle dea publicidade ao alugueiro de vivendas en Vedra para que se cense máis xente en Vedra.

2º.- Pregunta como está o tema dos cargadores para os coches eléctricos, se están funcionando e en que se basearon para a súa instalación neses lugares.

3º.- Na pista que vai cara as canteiras de Vilanova onde se vai facer a senda peonil, rompeu o firme. Roga que se fale coas canteiras para amañalo.

A Presidencia di que está pendente dunha reunión con eles.

4º.- Solicita que se lle faga un mantemento ao local de San Fins co vernizado das portas e a limpeza do tellado.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta se non hai ningún local no concello que se poida habilitar para a actividade de patinaxe.

2º.- Parécelle interesante a proposta de dar publicidade ao tema dos alugueiros.

3º.- Pregunta se se vai facer algunha concentración en Vedra polo último asasinato machista. Dona Susana García di que non teñen planificado facer concentración.

4º.- Pregunta se funciona o lector de microchips do concello.

Conclúe ao fio das vinte e tres horas e corenta minutos.